


Informes sectoriais

**Impactos e adaptación
do cambio climático
en Galicia**



XUNTA DE GALICIA

Informes sectoriais: obxectivos

A adaptación aos efectos do cambio climático é fundamental de cara a facer fronte aos impactos que este fenómeno está xa a provocar na actualidade e para incrementar a resposta aos impactos futuros previstos.

A adaptación ao cambio climático está a constituír un pilar fundamental nas axendas políticas internacionais e, cada vez, son mais as iniciativas que se están a adoitar en todo o mundo nesta área.

Neste sentido, destaca a negociación e desenvolvemento de actividades de adaptación no marco da Convención de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC).

Así, no ano 2007 adoptouse o Plan de Acción de Bali, que veu a identificar a adaptación como un dos pilares fundamentais de cara a acadar unha contundente resposta ao cambio climático, que permita a aplicación da Convención a través dunha acción de cooperación a longo prazo, que vaia máis alá de 2012. No mes de decembro do 2010, as Partes da Convención estableceron o denominado Marco de Adaptación de Cancún (CAP, polas súas siglas en inglés) co obxectivo de intensificar a acción en adaptación, en particular, mediante a cooperación internacional e o exame coherente das cuestións de adaptación no marco da Convención.

O Marco de Adaptación de Cancún entrou en funcionamento no ano 2011, na COP17¹, en Durban, onde se deron importantes avances de cara ao establecemento do Comité de Adaptación, á elaboración dos Plans Nacionais de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC) e ao impulso da posta en práctica do programa de traballo no ámbito de perdas e danos.

A nivel europeo, conclúese que sen unha pronta resposta, pode ocorrer que a UE e os seus Estados Membro se vexan obrigados a reaccionar con medidas reactivas de adaptación non planificadas, e con frecuencia bruscas, ante crises e catástrofes cada vez máis frecuentes, que resultarán unha ameaza para os sistemas social e económico da UE e para a súa seguridade. Partindo desta premisa, compre un comezo de adaptación inmediato fronte aos impactos que se sabe, con suficiente seguridade, que van ocorrer de acordo cos estudos científicos elaborados, é por iso que a UE publica O Libro Verde de adaptación ao cambio climático en Europa o 29 de xuño do ano 2007.

Posteriormente, a Comisión Europea, consciente da necesidade de garantir a sostibilidade das políticas que desenvolve e de promover a cooperación entre os seus estados membro nesta materia, adoptou no ano 2009, o Libro Branco sobre a Adaptación ao Cambio Climático, que establece un marco estratéxico para reducir a vulnerabilidade da UE aos impactos do cambio climático. Dito documento senta as bases e os principios sobre a política comunitaria en materia de adaptación e marca as liñas a seguir para o desenvolvemento de catro pilares básicos: 1) Desenvolvemento de coñecemento, 2) Integración da adaptación nas políticas

¹ COP – Conferencia das Partes. É o órgano supremo da Convención, a máxima autoridade con capacidade de decisión. A COP réunese todos os anos, a reunión de Durban foi a número 17.

europas, 3) Instrumentos/financiamento e 4) Cooperación internacional de cara a acadar unha Estratexia europea de adaptación en 2013.

Así, este marco europeo afecta ás medidas que os Estados Membro establezan nos seus propios plans e programas de adaptación ao cambio climático.

A nivel nacional, existe fai tempo conciencia da alta vulnerabilidade de España aos efectos do cambio climático, dada a súa situación xeográfica e as súas características socioeconómicas. A resposta fronte tal vulnerabilidade veu da man do desenvolvemento dunha estratexia de adaptación ao cambio climático, que foi o Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático. O Plan é o marco de referencia para a coordinación entre as Administracións Públicas nas actividades de avaliación de impactos, vulnerabilidade e adaptación ao cambio climático en España. O seu obxectivo é acadar a integración de medidas de adaptación ao cambio, baseadas no mellor coñecemento dispoñible en todas as políticas sectoriais e de xestión dos recursos naturais que sexan vulnerables ao cambio climático, para contribuír ao desenvolvemento sostible ao longo do século XXI.


A nivel galego, xa se ten avanzado na análise dos efectos do cambio climático en Galicia, a través do proxecto CLIGAL, cuxos resultados foron presentados na publicación “Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia”. Un resumo dos mesmos, con actualización de certos datos, aparecen tamén recollidos no Primeiro Informe do Cambio Climático en Galicia aprobado a finais do pasado ano 2012.

O que agora se pretende con estes informes sectoriais, é dar un paso máis na recompilación e desenvolvemento de información relevante en materia de adaptación en diferentes sectores de análise en Galicia. Tarefa que se desenvolverá cun dobre fin: por un lado, aplicar, para o caso concreto de Galicia, os principais resultados obtidos no desenvolvemento do PNACC, e por outro, facilitar as ferramentas actualmente dispoñibles de avaliación de efectos do cambio climático.

O desenvolvemento dos informes segue un determinado esquema. Así, para poder adoitar decisións en termos de adaptación aos efectos do cambio climático, resulta fundamental contar con ferramentas que permitan dar unha aproximación do que pode acontecer no futuro en relación co clima. Ditas ferramentas son os denominados modelos climáticos. Dada a súa importancia, considerouse que o presente informe debería comezar por unha análise dos mesmos, para posteriormente, continuar coa descrición da situación, que dos efectos do cambio climático, se pode derivar nos diferentes sectores do estudio, de interese para Galicia.

En definitiva, coa publicación dos sucesivos informes sectoriais, disporase dunha información completa e actualizada sobre a que fundamentar o desenvolvemento dunha boa acción en materia de adaptación ao cambio climático na nosa Comunidade.

Análise de Impactos





Informes sectoriais

Impactos e adaptación
do cambio climático
en Galicia

Informes sectoriais: Índice

Análise de impactos

Primeiro informe sectorial

1. Modelización climática

1.1. Introducción á modelización

1.2. Os modelos climáticos

1.2.1. Escenarios de emisións

1.2.2. A rexionalización

1.2.2.1. Incertezas

1.2.3. Modelos desenvolvidos mais relevantes

PRUDENCE

ENSEMBLES

1.3. Os modelos de nicho ecolóxico

1.3.1. O concepto de nicho ecolóxico

1.3.2. Os distintos modelos de nicho ecolóxico

1.3.3. O procedemento de análise

Segundo informe sectorial

2. Clima e eventos meteorolóxicos extremos

2.1. Introducción

2.2. Clima

Temperatura

Precipitación

Impactos previstos

2.3. Eventos meteorolóxicos extremos

2.3.1. Eventos meteorolóxicos extremos en Galicia

Análise trimestral

Análise por tipo de alerta

Análise por variable

Precipitación acumulada en 12 horas

Precipitación acumulada en 1 hora

Refacho máximo de vento

Neve

Tormenta

Análise por variable: eventos no mar

Ondas

Vento no mar

Os efectos dos fenómenos meteorolóxicos extremos

Fichas descritivas das situacións meteorolóxicas

Fichas descritivas de situacións singulares en forma de neve, sarabia ou tormenta

Fenómenos de curta duración

2.3.2. Eventos térmicos extremos

Frío

Calor

A vaga de calor do ano 2003

2.3.2.1. Eventos térmicos extremos en Galicia

2.3.3. Índice de eventos

Biodiversidade

Terceiro informe sectorial

3. Ecosistemas terrestres

3.1. Biodiversidade

Ameazas á biodiversidade

3.1.1. Flora e vexetación

3.1.1.1. Procedemento da análise

3.1.1.2. Taxons de flora ameazada en Galicia

3.1.1.3. Taxons do mapa forestal español

3.1.1.4. Outras especies de interese para Galicia

3.1.2. Fauna

3.1.2.1. Procedemento da análise

3.1.2.2. Especies de fauna ameazada en Galicia

4. Saúde ambiental

4.1. Introducción

4.2. Efectos do cambio climático na saúde

4.2.1. Efectos na saúde de cambios na temperatura

Efectos na saúde das vagas de calor

Efectos na saúde das vagas de frío

Efectos da calor na saúde laboral

4.2.2. Efectos na saúde de eventos meteorolóxicos extremos

4.2.3. A calidade do aire e a saúde

Contaminantes atmosféricos

Incendios forestais

Aeroalérxenos

Radiación ultravioleta

4.2.4. Transmisión de enfermidades

Por auga

Por alimentos

Por vectores

4.3. Efectos do cambio climático na saúde en Galicia

4.3.1. Eventos meteorolóxicos extremos e vulnerabilidade

4.3.2. Efectos na saúde dos eventos meteorolóxicos extremos en Galicia

4.3.3. Eventos térmicos extremos

Frío

Calor

4.3.3.1. A vaga de calor do ano 2003

4.3.3.2. Eventos térmicos de calor rexistrados

4.4. Actuacións no sector saúde no marco da adaptación fronte ao cambio climático

4.4.1. Introducción

4.4.2. Actuacións en Galicia

4.4.2.1. Sistemas de observación e predición

4.4.2.2. Plans de emerxencias

PLATERGA

Inundacións

Temporais

SECA

NEGA

4.4.2.3. Plan de actuación contra os posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde

4.4.2.4. Accións informativas: temperatura e saúde

4.4.2.5. Enfermidades por vectores

Recursos hídricos

Quinto informe sectorial

5. Recursos hídricos

5.1. Introducción

Recursos hídricos e cambio climático

5.2. Impacto do cambio climático nos recursos hídricos

Procedemento de análise

5.3. Impacto sobre os recursos hídricos en Galicia

5.3.1. Resultados

Precipitación

Evapotranspiración potencial

Evapotranspiración real

Humidade no solo

Escorrenta

Precipitación máxima

Seca

5.3.2. Resumo de resultados por demarcación